

**ANTEPROXECTO DE
LEI DE ARQUITECTURA DE GALICIA**

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

Exposición de motivos

I

A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do disposto no artigo 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, ten a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.

Así mesmo, o artigo 28.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, atribúe á Comunidade Autónoma galega a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de contratos, nos termos que esta estableza.

Os principios paradigmáticos da presente lei teñen o seu fundamento nas disposicións da Unión Europea respecto da calidade arquitectónica no entorno urbano e rural, nos que cabe salientar a Resolución do Consello, do 12 de febreiro de 2001, (2001/C 73/04); a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais; as Conclusións do Consello, do 24 de maio de 2007, sobre a contribución dos sectores cultural e creativo á realización dos obxectivos de Lisboa (2007/C 311/07); as Conclusións do Consello relativas á arquitectura: contribución da cultura ao desenvolvemento sostible (2008/C 319/05); a Directiva 2010/31/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 2010, relativa a eficiencia enerxética dos edificios; as Conclusións do Consello, do 21 de maio de 2014, sobre o patrimonio cultural como recurso estratéxico para unha Europa sostible (2014/C 183/08); ou a Axenda 2030 sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Cabe tamén poñer de manifesto as Conclusións do Consello sobre o Plan de traballo en materia de cultura 2019-2022 (2018/C 460/10, 2020/C 193/05), nas que se menta a Declaración de Davos 2018 *"Cara a unha Baukultur de alta calidade para Europa"*, como referente para a análise da arquitectura e a contorna construída de alta calidade para todos, na procura da cohesión e do benestar social.

A arquitectura é o proceso e o resultado da construción da contorna na que se desenvolven e participan as persoas e a sociedade. Neste senso, a arquitectura abrangue dende a escala territorial ao interiorismo, dende a planificación á construción do detalle, dende as maiores confluencias de intereses, á intimidade. A creación da contorna construída expresa as relacións de convivencia, produtivas e políticas dunha sociedade, amosando así a súa toma de posición cara o futuro respecto do medio natural, o territorio, a paisaxe, o patrimonio, as actividades e as persoas. É, polo tanto, un feito cultural identificador que reflicte as relacións, ambicións e logros colectivos, e tamén as súas tensións e frustracións.

A riqueza construtiva das paisaxes de Galicia reflicte unha humanización estendida e non invasora do territorio, froito das necesidades produtivas primarias nunha xeografía complexa, humanización que evoluciona adaptándose aos tempos e ao futuro, consonte o devir e devecer da sociedade galega.

Esta arquitectura non é nin se sente allea ás persoas, pois é o escenario das súas vidas. Participar na súa xeración para poder identificarse nela convértese nunha condición necesaria para a libre expresión e realización da persoa e da sociedade, dando por sentado que require unha participación e unha colaboración entre as distintas disciplinas profesionais que interveñen no referido proceso, imprescindibles para materializar e levar a bo efecto a súa complexidade.

Á vista do anteriormente exposto, precísase contar cun marco lexislativo que defina o obxecto e o ámbito da arquitectura, baixo o prisma, entre outros, dos seguintes principios:

- A arquitectura é un elemento fundamental e constitutivo da historia, da cultura e do territorio de Galicia; é tamén unha disciplina de creación cultural e de innovación que constitúe unha das formas de expresión artística fundamentais na vida cotián da cidadanía e representa o patrimonio do futuro.
- A creación arquitectónica, a calidade das construcións, a súa inserción harmoniosa no entorno, o respecto das paisaxes naturais e urbanas, así como do patrimonio colectivo e privado, revisten un interese público.
- A arquitectura, dado o seu carácter transversal, ao verse sometida a diversas políticas públicas, require, máis aló das normas técnicas, un enfoque con obxectivos globais, económicos, sociais, culturais e medioambientais.
- A arquitectura desempeña un papel de síntese e de innovación que permite conciliar as esixencias, as veces diverxentes, de conservación dos edificios e paisaxes e de creación contemporánea ou incluso as aspiracións lexítimas dos habitantes e o control da expansión urbanística.
- A arquitectura mellora a calidade de vida e a relación da cidadanía coa súa contorna, sexa rural ou urbana, e contribúe de xeito eficaz á protección e salvagarda do patrimonio natural e cultural, ao desenvolvemento sostible, á cohesión e xustiza social, á creación de emprego, ao fenómeno do turismo cultural e ó desenvolvemento económico de Galicia, aumentando o seu atractivo como centro mundial de actividade económica.
- A participación da cidadanía na esixencia dunha contorna de calidade require dun coñecemento xeneralizado da incidencia do patrimonio, a arquitectura, o deseño urbanístico e a paisaxe nas condicións de vida e do seu fomento e sensibilización mediante a educación artística e cultural.

- Os encargos públicos deben fomentar a calidade arquitectónica e favorecer a innovación e a experimentación en relación co desenvolvemento sostible no ámbito da arquitectura, o urbanismo e a paisaxe.
- A arquitectura supón unha prestación intelectual, cultural e artística profesional. O servizo arquitectónico é, por conseguinte, un servizo profesional, tanto cultural como económico.

II

A lei componse de catorce artigos, distribuídos en tres títulos, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira.

O Título I, relativo ás disposicións xerais, contén o obxecto e ámbito de aplicación da lei, determina a natureza de bens de interese xeral da arquitectura e da contorna construída, define o proceso arquitectónico e os axentes que interveñen no mesmo, e remata coa regulación dos valores de calidade inherentes á arquitectura.

Así, a lei ten por obxecto o recoñecemento do interese público da arquitectura e da contorna construída como feito cultural identificador da nosa comunidade autónoma, que os poderes públicos están obrigados a fomentar, preservar e difundir, como clave para o desenvolvemento económico sostible e a cohesión social, e establecer as especificidades que require a regulación dos contratos de servizos derivados do proceso arquitectónico, no marco da lexislación básica estatal en materia de contratos do sector público, coa finalidade de impulsar a calidade da arquitectura nos procedementos de contratación pública.

Proclámanse a arquitectura e a contorna construída como bens de interese xeral, que deberán ser obxecto de protección, preservación e impulso, promoción e fomento, por parte de todos os poderes públicos, no eido das súas respectivas competencias.

Así mesmo, defínese o proceso arquitectónico que comprende as fases de planificación, deseño, execución, explotación e fin de ciclo, así como os axentes que interveñen no mesmo.

Neste punto, cómpre destacar que a Arquitectura concíbese como unha actividade multidisciplinar, resultado dun esforzo coordinado das distintas disciplinas profesionais que interveñen no proceso arquitectónico, respectando as atribucións profesionais de cada disciplina. En todo caso, a Lei non interfere, en absoluto, no réxime de competencias profesionais na edificación establecido pola Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e demais normativa que puidera resultar de aplicación para o efecto, senón que complementa ese marco legal.

O título I remata coa regulación dos valores de calidade inherentes á arquitectura que a lei quere protexer.

III

O Título II establece as medidas de difusión, sensibilización e coñecemento da arquitectura por parte das administracións públicas e regula os Premios de Arquitectura de Galicia.

As administracións públicas, no eido das súas respectivas competencias, fomentarán os valores inherentes á arquitectura, como ben de interese xeral, mediante o seu coñecemento e difusión a toda a cidadanía, adoptando as medidas precisas para a tal fin.

A tal efecto, regularase a participación cidadá nos procesos da arquitectura, e contéplase que as administracións públicas deberán divulgar entre a cidadanía, polos medios máis axeitados, os valores da arquitectura e da calidade arquitectónica, co obxecto de que a información, coñecemento e sensibilización en relación ao patrimonio construído e aos espazos públicos, fomente a capacidade crítica e propositiva, de xeito que determine unha corresponsabilidade social que repercuta positivamente na configuración da contorna.

No eido da ensinanza, prevese o ensino da arquitectura nas diferentes etapas educativas mediante a implantación e o emprego de recursos educativos axeitados, e procurárase a máis activa colaboración entre as escolas universitarias e os centros de formación profesional, os diferentes colexios profesionais e demais axentes que interveñen na arquitectura e o seu proceso construtivo, co fin de integrar nos programas de estudos unha formación que lles achegue á realidade do exercicio profesional.

Así mesmo, a lei prevé que deberá fomentarse a investigación en propostas e solucións arquitectónicas innovadoras, entendendo a arquitectura como unha disciplina en continua evolución, que a converte nun campo de investigación, tanto dentro como fóra do ámbito académico.

Finalmente, contéplase a necesaria formación adecuada e continua aos diferentes axentes e profesionais, tanto do eido privado como os integrados nas Administracións Públicas que interveñen no proceso construtivo, na medida en que a arquitectura constitúe unha disciplina en continua evolución.

En definitiva, preténdese implicar a todos os poderes públicos na procura da calidade e competitividade do sector, incentivando a innovación e a investigación na arquitectura e na transferencia do coñecemento, tanto entre os profesionais, como na sociedade.

Por outra banda, entre as medidas de impulso da calidade arquitectónica por parte das administracións públicas, regúlanse os *Premios de Arquitectura de Galicia*, co obxecto de recoñecer e impulsar a calidade e a excelencia na arquitectura na nosa comunidade autónoma.

IV

O Título III, relativo ás medidas de impulso da calidade da arquitectura contempla que os entes, organismos e entidades do sector público, así como as entidades locais, están obrigados ao impulso da calidade da arquitectura de conformidade co previsto na lexislación vixente en materia de contratos do sector público, coas especificidades que se conteñen nesta lei.

A tal efecto, prevese a adopción de criterios orientativos coa finalidade de impulsar a calidade da arquitectura nos procedementos de contratación pública, relativos a criterios de adxudicación, de avaliación de custos para o cálculo do valor estimado de licitación dos contratos relacionados co proceso arquitectónico, de determinación de prazos atendendo á súa incidencia na calidade da proposta, ou criterios de sostibilidade medioambiental, especialmente referidos aos materiais a empregar.

Por outra banda, contémplanse unha serie de especificidades para a contratación dos servizos para a redacción de proxectos e direccións de obra, entre as que cabe destacar a tramitación preferente polo procedemento do concurso de proxectos dos procedementos de licitación nos que se requira a entrega de propostas proxectuais singulares ou de especial complexidade, co fin de orientar a decisión da Administración en situacións nas que a posibilidade de decidir entre supostos alternativos de deseño que poden levar a resultados moi diferentes entre si. En definitiva, esta modalidade ten por obxecto garantir e propiciar a licitación favorecendo os valores de calidade arquitectónica que se consagran nesta lei.

Tamén se posibilita, co fin de acadar a máxima calidade en todo o proceso arquitectónico, así como a coordinación e continuidade entre a fase de redacción do proxecto e a súa execución en obra, a contratación conxunta da redacción de proxectos e a dirección de obra, o que permitirá que neste tipo de procesos de especial natureza e complexidade, poidan aplicarse á obra os coñecementos plasmados na redacción do proxecto, facilitando o control económico da obra.

En definitiva, os criterios orientativos e as especificidades propostas pretenden potenciar unha competencia real e efectiva nas condicións de participación nos procedementos de licitación de proxectos do proceso arquitectónico e, en todo caso, fomentar a mellora da calidade da arquitectura na contratación dos servizos relacionados co proceso arquitectónico.

V

Finalmente, a lei complétase cunha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira.

A disposición transitoria prevé que as especificidades en materia de contratación que establece a lei non serán de aplicación aos expedientes de contratación que se tiveran iniciado antes da súa entrada en vigor, garantindo a seguridade xurídica na súa tramitación.

A disposición derogatoria prevé a derogación de todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nesta lei.

O texto remata cunha disposición derradeira na que se prevé a entrada en vigor da lei ao mes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

VI

Esta lei axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37.a) da *Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico*, no que se exige que *«en todas as iniciativas normativas xustifícase a adecuación delas aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade, simplicidade e eficacia»*.

Así, o principio de necesidade desta iniciativa lexislativa vén determinado por canto as medidas propostas unicamente poden ser introducidas mediante unha norma con rango de lei, por afectar a materias que están reservadas a este tipo de norma.

Respéctase o principio de proporcionalidade, xa que para acadar os obxectivos da lei non se impoñen con carácter xeral novas obrigas ou cargas administrativas, senón que se realiza un esforzo de simplificación e integración da normativa vixente.

Préstase especial atención á efectividade do principio de seguridade xurídica, directamente conectado coa integración coherente da nova norma no ordenamento xurídico vixente, de xeito que o resultado sexa un marco normativo estable, claro, integrado e de certeza; e ao principio de transparencia, promovendo a máis ampla participación da cidadanía en xeral e, en particular, dos operadores técnicos e xurídicos implicados na materia, tanto na elaboración da propia lei como nos procesos da arquitectura na fase de planificación e sen menoscabo dos procedementos de participación que puidesen estar previstos noutras normas; así como ao principio de accesibilidade, garantindo o acceso a toda a información de que dispoña a Administración na materia obxecto de regulación.

Finalmente, en virtude dos principios de simplicidade e eficacia, e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e da normativa aplicable, evítanse as

cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con elas.

Na tramitación do anteproxecto de lei observáronse todas as garantías exixidas pola lexislación vixente en materia de participación pública, promovendo unha participación pública real e efectiva ao longo de todo o procedemento de tramitación.

O texto do anteproxecto de lei foi obxecto do ditame preceptivo do Consello Económico e Social de Galicia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, promulgo en nome do rei a Lei de Arquitectura de Galicia.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Esta lei ten por obxecto o recoñecemento do interese público da arquitectura e do entorno construído, como feito cultural identificador da nosa comunidade autónoma, que os poderes públicos están obrigados a fomentar, preservar e difundir, como clave para o desenvolvemento económico sostible e a cohesión social. Con tal fin, esta lei establece as medidas de impulso, coordinación e divulgación necesarias para acadar unha arquitectura de calidade.

2. É igualmente obxecto desta lei establecer as especificidades que require a regulación dos contratos de servizos derivados do proceso arquitectónico, no marco da lexislación básica estatal en materia de contratos do sector público, coa finalidade de impulsar a calidade da arquitectura nos procedementos de contratación pública, excluídos os traballos de enxeñería civil regulados pola lexislación de obra pública.

3. O ámbito de aplicación da presente lei está constituído pola arquitectura, os procesos que a integran e os seus valores.

Artigo 2. *Declaración de bens de interese xeral*

1. Para os efectos do disposto nesta lei, a arquitectura é o proceso e o resultado de idear, proxectar, dirixir, construír e conservar, durante todo o seu ciclo de vida, os edificios e os espazos públicos nos que se desenvolven as actividades humanas, e no que deben integrarse todas as disciplinas profesionais implicadas no referido proceso, que exercerán as súas atribucións profesionais de conformidade co previsto na lexislación específica vixente.

Así mesmo, o entorno construído repercute directamente no desenvolvemento das relacións de convivencia e interaccións sociais que inflúen no desenvolvemento das persoas e nos valores da sociedade.

2. A arquitectura e a contorna construída constitúen bens de interese xeral, pola súa contribución á construción da identidade cultural, á calidade de vida, ao benestar social e á saúde, polo que deberán ser obxecto de protección, preservación e impulso, promoción e fomento, por parte de todos os poderes públicos, no eido das súas respectivas competencias.

Artigo 3. *O proceso arquitectónico e os seus axentes*

1. Para os efectos do previsto nesta lei, o proceso arquitectónico comprende as seguintes fases:

a) Planificación: fase de impulso e decisión, na que se establecen as necesidades e se avalían as posibilidades para satisfacelas, analizando os recursos que se precisan para a construción pretendida.

b) Deseño: fase de elaboración da documentación técnica que detalla, consonte ás determinacións da fase de planificación e á lexislación vixente, os proxectos requiridos no proceso construtivo.

c) Execución: fase de materialización dos proxectos.

d) Explotación: fase de uso da construción, que inclúe as actuacións necesarias para o seu mantemento en condicións axeitadas.

e) Fin de ciclo: fase que comeza coa detección da obsolescencia da construción en explotación, analizando as súas posibilidades de rehabilitación, substitución e reversión ao estado natural.

2. Nos procesos da arquitectura interveñen, entre outros:

a) As administracións públicas, ás que lles corresponde a elaboración da normativa xeral aplicable ás construcións, a definición dos seus procesos e das prestacións

funcionais e técnicas dos espazos e sistemas construtivos que garantan a súa calidade material, así como o control dos procedementos de autorización esixidos.

b) A cidadanía, que intervéñen nas fases de planificación a través dos seus representantes nos poderes públicos e directamente nos procedementos de consulta e participación pública.

c) As persoas promotoras, públicas e privadas, que son as que impulsan os procesos e establecen as necesidades a satisfacer.

d) O persoal técnico competente, integrado por todos os profesionais encargados da fase de deseño e os que participan no seguimento e control da fase de execución, así como os profesionais encargados de intervir nos procesos por parte das administracións públicas.

e) Os colexios profesionais, que actúan en defensa dos intereses dos colexiados e da protección dos intereses dos consumidores e usuarios, e que coparticipan, xunto á administración pública, nos procedementos de intervención das autorizacións mediante o visado, nos casos legalmente establecidos.

f) As persoas construtoras, subministradoras de produtos e materiais, laboratorios, entidades de control e demais axentes que interveñen na fase de execución.

g) As persoas propietarias e usuarias, que se fan cargo e participan na explotación e fin de ciclo do construído.

Artigo 4. *Valores da arquitectura*

1. Son valores inherentes á arquitectura que a presente lei quere protexer, entre outros, os seguintes:

a) A calidade da arquitectura e da contorna construída conforme á súa consideración de bens de interese xeral, partindo do necesario coñecemento xeneralizado que require do seu fomento e sensibilización mediante a educación.

b) O interese público da creación arquitectónica e a idoneidade e a calidade técnica das construcións e do seu mantemento en bo uso.

c) O interese artístico e a contribución da arquitectura ao debate cultural, como unha prestación intelectual máis aló dun servizo económico e que desempeña un papel crucial no impulso da innovación e da tecnoloxía, do crecemento sostible e da creación de emprego.

d) A mellora da calidade de vida da cidadanía, na procura da cohesión social e da sostibilidade, da protección do patrimonio natural e cultural, da innovación tecnolóxica, do turismo cultural e do desenvolvemento económico de Galicia.

e) O fomento da integración de todas as políticas sectoriais, a participación pública e a transparencia no proceso arquitectónico, así como da participación e coordinación das diferentes disciplinas profesionais, co obxecto de mellorar a calidade da arquitectura, respectando as atribucións profesionais de cada disciplina contempladas na súa lexislación específica.

2. A consecución dos valores antes sinalados, parte da calidade de todas as fases que integran o seu proceso, superando a satisfacción de requisitos funcionais, técnicos e económicos, ao achegar o valor da creación artística á cultura da sociedade.

TÍTULO II

Medidas de difusión e coñecemento da arquitectura

Artigo 5. Disposicións xerais

As administracións públicas, no eido das súas respectivas competencias, fomentarán a calidade da arquitectura mediante a difusión e coñecemento a toda a cidadanía dos valores inherentes á mesma. A tal fin, poderán adoptarse, entre outras, as seguintes medidas:

a) Promover as condicións necesarias para que os valores sinalados poidan facerse efectivos, establecendo o marco normativo preciso e eficaz para favorecelos, exercendo un papel exemplarizante que potencie a renovación e a rehabilitación do patrimonio construído.

b) Favorecer o coñecemento da arquitectura e da contorna construída, proporcionando á sociedade unha postura crítica e esixente respecto da súa calidade.

c) Impulsar a edición de publicacións de divulgación, coñecemento e investigación na materia, así como cursos, seminarios ou xornadas con esa mesma finalidade.

d) Promover estratexias de divulgación a través do ensino da arquitectura, en todas as etapas educativas.

- e) Ofrecer contidos de calidade e con interese para toda a sociedade sobre a arquitectura, facéndoa extensible máis aló dos eidos profesionais directamente relacionados coa dita disciplina.
- f) Facilitar unha formación específica, actualizada e permanente aos profesionais, axentes e entidades que participan no proceso construtivo.
- g) Promover a utilización, xunto ás canles convencionais, das novas ferramentas dixitais e tecnolóxicas innovadoras co fin de facilitar o acceso universal a toda a información dispoñible e facer máis eficiente, competitivo, seguro, e de calidade, o proceso produtivo.
- h) Promover o coñecemento de materiais e técnicas construtivas sustentables, baseadas nun modelo produtivo circular e de neutralidade climática.

Artigo 6. *Fomento da participación cidadá*

Co fin de acomodar a contorna construída ás necesidades e expresións da poboación, regularase a participación cidadá nos procesos da arquitectura, que serán de aplicación na fase de planificación e sen menoscabo dos procedementos de participación cidadá xa establecidos legalmente.

Artigo 7. *Formación no ensino*

1. A Xunta de Galicia, dentro do ámbito das súas competencias en materia de educación, incluírá nos currículos e programas de estudos das diferentes etapas educativas obrigatorias, o ensino da arquitectura de xeito transversal, mediante a implantación e o emprego de recursos educativos axeitados, transmitindo o modo no que a arquitectura, o patrimonio construído, a paisaxe e o territorio conforman a identidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nas diferentes etapas educativas non obrigatorias, as administracións públicas promoverán o ensino da arquitectura, mediante a implantación e o emprego de recursos educativos que poderán atender á diversidade dos diferentes centros.

2. Así mesmo, procurarase a máis activa colaboración entre as escolas universitarias, os centros de formación profesional, os diferentes colexios profesionais e demais axentes que interveñen na arquitectura e o seu proceso construtivo, co fin de integrar nos programas de estudos unha formación que lles achegue á realidade do exercicio profesional.

3. Fomentarase a investigación en propostas e solucións arquitectónicas innovadoras, entendendo a arquitectura como unha disciplina en continua evolución,

nos seus aspectos formais, estéticos, culturais, técnicos, medioambientais e urbanísticos, o que a converte nun campo de investigación, tanto dentro como fóra do ámbito académico.

Artigo 8. *Divulgación á cidadanía*

1. As administracións públicas, co fin de fomentar unha arquitectura de calidade, deberán divulgar entre a cidadanía, polos medios máis axeitados, os valores da arquitectura e da calidade arquitectónica, co obxecto de que a información, coñecemento e sensibilización en relación ao patrimonio construído e aos espazos públicos, fomente a capacidade crítica e propositiva, de xeito que determine unha corresponsabilidade social que repercuta positivamente na configuración da contorna.

2. As distintas administracións públicas, no eido das súas competencias, procurarán que os medios de comunicación difundan os valores da arquitectura mediante unha información de calidade, que resulte amena e atractiva para o público.

Artigo 9. *Formación continua aos profesionais do sector público e do sector privado*

As administracións públicas, directamente ou a través dos oportunos convenios de colaboración, procurarán facilitar unha formación adecuada e continua aos diferentes axentes e profesionais tanto do eido privado como os integrados nas Administracións Públicas que interveñen no proceso construtivo, na medida en que a arquitectura constitúe unha disciplina en continua evolución, dende o punto de vista normativo, técnico e mesmo no eido das novas tecnoloxías.

Artigo 10. *Premios da arquitectura de Galicia*

1. Os premios da arquitectura de Galicia, convocados pola consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, teñen por obxectivo recoñecer e impulsar a calidade e a excelencia na arquitectura na nosa comunidade autónoma.

2. Estes premios terán unha periodicidade bienal.

3. O xurado estará composto por representantes das distintas disciplinas profesionais que participan no proceso arquitectónico, debendo procurarse que se respecte a paridade entre mulleres e homes.

TÍTULO III

Impulso da calidade da arquitectura

Artigo 11. *Impulso da calidade da arquitectura no sector público*

Os entes, os organismos e as entidades que integran o sector público de Galicia, definido conforme á normativa vixente en materia de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, suxeitos á lexislación de contratos do sector público, e as entidades da administración local, están obrigados ao impulso da calidade da arquitectura de conformidade coa dita lexislación na contratación dos servizos derivados do proceso arquitectónico definido no artigo 3.2, coas especificidades que se determinan nesta lei.

Artigo 12. *Criterios de valoración*

1. Coa finalidade de impulsar a calidade da arquitectura nos procedementos de contratación pública, o Consello da Xunta de Galicia aprobará os seguintes criterios orientativos:

- a) Criterios de adxudicación relacionados coa incorporación dos valores inherentes á arquitectura que poidan ser usados nas licitacións de servizos de arquitectura e demais contratos relacionados co proceso arquitectónico, que permitan determinar cal é a oferta máis vantaxosa baixo os principios de non discriminación e obxectividade, e sempre que estes criterios estean directamente vinculados ao obxecto do contrato.
- b) Criterios de avaliación de custos dos procesos da arquitectura que poidan ser utilizados para calcular os orzamentos base de licitación e valor estimado dos contratos de servizos de arquitectura e demais contratos relacionados co proceso arquitectónico, coa finalidade de acadar unha xestión eficiente do gasto público así como unha adecuada remuneración dos contratistas acorde cunha prestación de calidade.
- c) Criterios para a determinación de prazos razoablemente axeitados para a presentación de propostas, tendo en conta a natureza da prestación dos contratos e a súa incidencia na calidade final das licitacións de servizos de arquitectura e demais contratos relacionados co proceso arquitectónico.
- d) Criterios de sostibilidade medioambiental, especialmente referidos aos materiais a empregar, con especial énfase no uso de materiais reciclados, á xestión adecuada dos residuos a xerar durante a execución do proxecto, ao modelo de eficiencia enerxética para asegurar baixas emisións á atmosfera e o uso sostible da auga.

2. Os criterios a que fai referencia o número anterior, poderán terse en conta nas licitacións dos procedementos de contratación de proxectos singulares ou de especial complexidade da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entes, organismos e entidades que integran o sector público de Galicia, así como das entidades locais dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén serán de aplicación nas licitacións convocadas por outras Administracións Públicas que sexan beneficiarias de subvencións concedidas pola Xunta de Galicia.

Artigo 13. Especificidades para a contratación dos servizos para a redacción de proxectos e direccións de obra

Establécense as seguintes especificidades para a contratación dos servizos para a redacción de proxectos e direccións de obra:

a) Co fin de promover a calidade da arquitectura, os procedementos de licitación nos que se requira a entrega de propostas proxectuais singulares ou de especial complexidade serán tramitados, preferentemente, polo procedemento de concurso de proxectos regulado pola normativa vixente en materia de contratos do sector público.

A especial complexidade dun proxecto vincúlase á existencia de condicionantes técnicos, medioambientais, paisaxísticos, funcionais, de accesibilidade, urbanísticos ou doutra índole que precisen dunha especial resposta, innovación ou orixinalidade, en aras a obter prestacións de grande calidade.

b) No caso do procedemento de concurso de proxectos, deberán preverse nas bases do concurso a retribución ou as dietas que correspondan aos membros dos xurados non integrantes das administracións públicas.

c) Dado o carácter de prestación intelectual dos servizos de arquitectura, a solvencia técnica do contratista poderá acreditarse mediante os títulos académicos e profesionais do empresario e/ou dos técnicos encargados directamente da execución do contrato, sen prexuízo de que o órgano de contratación estableza outros criterios con carácter alternativo.

Nos casos de proxectos de especial complexidade, poderase esixir unha solvencia técnica adicional, axeitada á complexidade do obxecto do contrato.

Así mesmo, no caso de que se esixira unha relación de servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, cando sexa necesario garantir un nivel adecuado de competencia, o órgano de contratación poderá indicar que se terán en conta as probas dos servizos pertinentes efectuados máis de tres anos antes e que se xustificará no expediente de contratación.

d) Cando o licitador sexa un profesional colexiado ou ben unha sociedade profesional, calquera que sexa a súa forma xurídica, a solvencia económica poderá acreditarse mediante a disposición dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas e por importe igual ao valor estimado do contrato, aportando ademais o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato.

Este requisito se entenderá tamén cumprido polo licitador ou candidato que inclúa na súa oferta un compromiso vinculante da súa subscrición, no caso de resultar adxudicatario, compromiso que deberá facer efectivo nos prazos previstos na Lei de Contratos do Sector Público.

No caso de UTES de profesionais e/ou sociedades profesionais e no caso de que o licitador integre a súa solvencia con medios externos computarase, para os efectos do cumprimento do importe esixido, o importe acumulado dos seguros dos suxeitos da UTE e os dos medios externos xunto co do licitador.

e) Co fin de acadar a máxima calidade en todo o proceso arquitectónico, así como a coordinación e continuidade entre a fase de redacción do proxecto e a súa execución en obra, procurarase contratar conxuntamente a redacción de proxectos e a dirección das obras.

En todo caso, os órganos de contratación diferenciarán as prestacións relativas á redacción do proxecto, dirección de obra, dirección da execución da obra e coordinación de seguridade e saúde na fase de execución da obra.

Cando o destino da obra sexa unha actividade con instalacións fixas ou equipamento propio de tecnoloxías específicas, procurarase que a contratación do proxecto e dirección de obra inclúa tamén o proxecto de actividade así como, no seu caso, os proxectos parciais a integrar no proxecto xeral das obras.

f) A planimetría e informes previos, incluídos, no seu caso, os estudos xeotécnicos, dos que dispoña o órgano de contratación, formarán parte da documentación para a licitación e publicaranse no perfil do contratante, co fin da debida preparación da oferta polos licitadores, sen prexuízo de que eses traballos estean incluídos entre as prestacións do contrato co fin de realizar estudos máis detallados que complementen os facilitados e permitan desenvolver con maior fiabilidade e calidade o obxecto do contrato.

g) Cando se esixa adscrición de medios persoais consistente nun equipo multidisciplinar ou a acreditación da solvencia técnica por dito medio, unha mesma persoa poderá cumprir diversas funcións das previstas no equipo se ten as competencias legais para asumilas. O concepto de equipo que garanta a calidade non debe referirse ao número de integrantes senón ás competencias profesionais incluídas na súa composición.

h) Nos procedementos de contratación de servizos de arquitectura, recoméndanse, ademais dos criterios orientativos que se adopten segundo o sinalado no artigo 12, os seguintes:

h.1) O prazo para a presentación de ofertas, cando se requira a entrega de propostas proxectuais, no será inferior a corenta días naturais.

h.2) Nos contratos que non se tramiten como concurso de proxectos, dado que se mantén o carácter intelectual da prestación, os criterios de adxudicación relacionados coa calidade representarán, cando menos, o 75% da puntuación total, non podendo a oferta económica avaliarse por enriba do 25% da puntuación total.

Artigo 14. Subvención de proxectos

Nos programas de subvencións promovidos pola Xunta de Galicia e o seu sector público que afecten a procesos da arquitectura, terase en conta a fase de proxecto (planificación e deseño) ademais da de execución. A tal efecto, poderán establecerse liñas de subvención diferenciadas para as fases de deseño e planificación (proxecto) e execución (obra).

Disposición transitoria. Réxime transitorio dos procedementos

As especificidades en materia de contratación que establece esta lei non serán de aplicación aos expedientes de contratación que se tiveran iniciado antes da súa entrada en vigor, nos termos previstos na disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.